

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 25 DE MARZO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCÍONS.

Vista a Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse a dita Orde, solicitar axuda para o **PROXECTO DE GAMELA GUARDESA DE VELA ADAPTADA** e conceder autorización para facer dita solicitude ó Sr. Alcalde do Concello."

A Xunta de Goberno Local ó abeiro da convocatoria de Axudas aos Grupos de Acción Costeira para proxectos dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Medio Rural e do mar, e financiada polo Fondo Europeo de Pesca sobre a base do Regulamento(CE) n^a 1198/2006 do Consello de 27 de xullo de 2006, relativo o Fondo Europeo de Pesca, **ACORDA solicitar ó GAC7**, o cal pertence, na súa convocatoria de marzo de 2013 o proxecto RAPE (Revalorización das actividades femininas na pesca)."

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O importe total do financiamento solicitado é de 150.342,88 € co seguinte detalle:

Persoal	30.026,00 €
Mantemento.....	0,00 €
Axuda no Fogar modalidade de prestación básica do Plan Concertado:	0,00 €
Axuda no Fogar modalidade para persoas valoradas como dependentes:	99.056,00 €
Xestión de Programas...	21.260,48 €
Investimento.....	0,00 €

Este acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Asimesmo, a Xunta de Goberno Local adopta o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercizo 2013 na contía de 248.392,78 €, que supón unha porcentaxe do 62,30% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Lese o escrito R.E. nº 1.099 de data 4 de marzo de 2013 presentado por D^a. S.A.G.P., con enderezo na rúa Coruña, nº 10-2ºA da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Coruña, nº 10-2ºA.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito R.E. nº 1.154 de data 5 de marzo de 2013 presentado por D^a. A.F. da S., con enderezo na Praza de Ignacio Sobrino, nº 2-3ºD da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga e lixo para o obxecto tributario sito na Praza de Ignacio Sobrino, nº 2-3ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 1.534 de data 25 de marzo de 2013, presentado por CIRCO COLISEO, solicitando que se lles instalen 3 contenedores de lixo no recinto onde están ubicados ata o 1 de abril.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dase conta do escrito RE 1.480 de data 20 de marzo de 2013, remitido por PORTOS DE GALICIA - ZONA SUR, comunicando a autorización para levar a cabo a colocación de dúas sinais verticais informativas do Museo do Mar no porto da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.464 de data 20 de marzo de 2013, presentado por D. PRAXÍTELES GONZÁLEZ MARTINEZ, con enderezo na rúa Cotro, nº 5 - Pías do Rosal, solicitando autorización para levar a cabo a presentación do seu libro "Yo tambien fui contrabandista en el estuario del Miño" no Centro Cultural.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado: A concellalía de cultura porase en contacto co solicitante para fixar a data de presentación.

Dase conta do escrito RE 1.434 de data 19 de marzo de 2013, presentado por DNA. ALMUDENA VERDE PEREZ, con enderezo na rúa 7ª Transv. Solanas, nº 13 da Guarda, solicitando que se realice o parcheo con masa ou cemento na rúa do seu domicilio.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se levará a cabo á maior brevidade posible.

Dase conta do escrito RE 1.302 de data 13 de marzo de 2013, presentado por D. AGUSTIN FERREIRA LORENZO, actuando en representación de ANABAM, con enderezo a efectos de notificacións no Apto. de Correos, nº 59 da Guarda, solicitando a cesión do baixo da Casa dos Alonsos para ubicar nel a exposición itinerante denominada "EXPONATUR" dende o 25 de marzo ata o 27 de abril de 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 1.347 de data 14 de marzo de 2013, presentado por D. JAVIER BAZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Subida ó Torroso, nº 1 de A Guarda, en representación da Comisión de Festas da Pascua de Buxán, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 30 e 31 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Lese o escrito RE 130 de data 10 de xaneiro de 2013, presentado por D. RICARDO MARTINEZ MARTINEZ, con enderezo na rúa José María Sesto, nº 29 da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario José María Sesto, nº 29 correspondente o 3º trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 3º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 212 de data 15 de xaneiro de 2013, presentado por D^a. AGRIPINA BARBOSA ADROVER, con enderezo na rúa 3^a Transv. Solanas, nº 36 da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario 3^a Transv. Solanas, nº 36 correspondente o 4º trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 4º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Dase conta do informe da Técnico de Información Xuvenil da Guarda relativo á realización da actividade de curso de inglés de 20 horas de duración e cunha cota de financiación de 20€ nun pago único

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita actividade así como a cuota.

A Xunta de Goberno Local observou un erro nun dos acordos adoptados na sesión de data 10 de xaneiro de 2013 xa que, na resposta ao escrito con RE 3.936, se sinalaba como fin dos efectos da bonificación solicitada o 4º trimestre do 2013, cando en realidade debía referirse ao ano 2012. Deste xeito procédese a súa modificación quedando do seguinte tenor:

Lese o escrito RE 3.936 de data 20 de xuño de 2012, presentado por D^a. M^a. A A G, con enderezo na rúa Julia Vaquero, nº 2-1ºB da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Julia Vaquero, nº 2-1ºB.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2012 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a sentenza dictada o 28 de febreiro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 286/12 entablado por D. Basilio Vicante Santiago contra o acordo da Xunta de Goberno Local da Guarda de data 22 de xuño de 2012 polo que procedeu a denegar licenza de obras para determinadas obras na vivenda unifamiliar sita no número 87 da rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido de dita sentenza e acorda dar traslado da mesma e do expediente administrativo á oficina técnica municipal para a súa constancia.

Dase conta do informe-proposta do Asesor Xurídico do Concello relativo á denuncia urbanística plantexada por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de data 19 de xullo de 2012 interesando a inmediata cesación e toda actividade da discoteca Enjoy e incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística por obras sen licencia no local da mesma actividade, e á solicitude do mesmo administrado formulada mediante escrito de data 4 de marzo de 2013 polo que interesa a suspensión dos prazos para entablar recursos contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 19 de febreiro de 2013 polo que se concedeu nova licencia de obras e se convalidou a licencia de obras xa anulada no seu día de acondicionamento da devandita discoteca, e solicitando copias dos informes emitidos no expediente e outra documentación.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda:

- Rexeitar a petición formulada polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de 19 de xullo de 2012 por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública e porque non existe a infracción urbanística que denuncia.
- Rexeitar a suspensión dos prazos para recurrir a licencia de obras concedida o 19 de febreiro de 2013 e a expedición da documentación e certificados interesados mediante escrito de 4 de marzo de 2013 por falta de lexitimación activa e porque o artigo 49 da Lei 30/1992 permite a ampliación dos prazos que non a suspensión.

- Non proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado da denuncia formulada polo Sr. Abeleira Cabaleiro en base á inexistencia da infracción denunciada polo mesmo, tal como resulta da licencia concedida o 19 de febreiro de 2013 e os informes emitidos para a súa concesión.

PUNTO 3.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS

Dase conta do escrito RE 1.461 de data 20 de marzo de 2013 presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELLEIRO DO BNG, solicitando que se poña en marcha un operativo de tráfico que asegure a circulación no municipio durante a Semana Santa así como que se habiliten zonas para aparcamento.

A Xunta de Goberno Local sinala que o Concelleiro de Tráfico e a Policía Local xa adoptaron as medidas necesarias nese sentido.

Dase conta do escrito RE 1.343 de data 14 de marzo de 2013 presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELLEIRO DO BNG, solicitando o arranxo urxente do firme da rúa Calvario a altura do número 56.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se levou a cabo o parcheado entre os meses de febreiro e marzo, pero que son conscientes de que esa rúa require dunha actuación máis ambiciosa.

PUNTO 4.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. JOSÉ RAMÓN MONTOYA ORTIZ DE ZARATE, R.E. N.º. 872 DE DATA 18 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CORUTO VELLO N.º. 66 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 155,00 M². CONSISTENTE NA SUBSTITUCIÓN DA TELLA EXISTENTE POR OUTRA TELLA CURVA DO PAIS NATURAL, SUXEITA CON GANCHOS INOX. SOBRE PLANCHAS DE URALITA EXISTENTES, IMPERMEABILIZACIÓN DE LIMAHOYAS, CUMBREIRAS E ENCONTROS CON CHEMINEAS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CORUTO

VELLO Nº. 66, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA DEL CARMEN BARBOSA PACHECO, R.E. Nº. 1.329 DE DATA 14 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ROSAL Nº. 60 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR LUCERNARIO DAS ESCALEIRAS POR PRESENTAR FILTRACIÓNS DE 1,50 X 0,90, DA CUBERTA DO TELLADO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE ROSAL Nº. 60, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

A D. FRANCISCO JAVIER VICENTE SOUSA, R.E. Nº. 736 DE DATA 7 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE AS POZAS-A GÁNDARA Nº. 17 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REFORMA DA CUBERTA DO CABANÓN CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE TELLA VERMELLA CURVA SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO INOX. SOBRA URALITA EXISTENTE NUNHA SUPERFICIE DE 144 M². SITO NA RÚA DE POZAS Nº. 17, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES PINTÁN-PROBA, S.L., R.E. Nº. 1.358 DE DATA 15 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO Nº. 91 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PECHE DA (PARCELA Nº. 435 DO POLÍGONO Nº. 26) CONTRA LINDEIROS NUNHA LONXITUDE DE 78,00 MTS. LINEAIS, REALIZADO CON POSTES DE FORMIGÓN, BLOQUES DE CEMENTO CON ACABADO RÚSTICO ATA UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. E REDE METÁLICA ATA UNHA ALTURA MÁXIMA DE 1,80 MTS., SITA NO LUGAR DE "BARROUCA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ BAZ LOMBA, R.E. Nº. 835 DE DATA 14 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MALTESES Nº. 117 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR PORTAL DE ALUMINIO (2 FOLLAS) POR OUTRO DE CORREDOIRA QUE DA ACCESO POLO PASEO MARÍTIMO A EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 117, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. LUIS VICENTE MARTÍNEZ, R.E. Nº. 1.430 DE DATA 19 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRAVESIA PRINCIPAL-PANCENTENO Nº. 12 DE O ROAL-C.P. 36770, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M²., CONSISTENTE NA ADECUACIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA A NORMATIVA VIXENTE, COLOCACIÓN DE

PISO, FALSO TEITO E MODIFICACIÓN DO ESCAPARATE, SITO NA RÚA DA IREIRA Nº. 6-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

O LOCAL DEBERÁ DESTINARSE OS USOS PERMITIDOS NA ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.

PUNTO 5.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.

- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaranse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D^a. ANA ÁLVAREZ PRIEGO, R.E. N^o. 7.919 DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JULIÁN LÓPEZ N^o. 11-2^o DE A GUARDA-C.P.36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE TRANSVERSAL RIAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “ROSENTES” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

ANTES DO COMEZO DAS OBRAS DEBERÁ APORTAR O PROXECTO DE EXECUCIÓN VISADO POLO COLEXIO PROFESIONAL, CONFORME ESTABLECE O RD 1000/2010.

PUNTO 6.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 1.432 de data 19 de marzo de 2013, presentado por D. ALBERTO ALVAREZ PORTELA, con enderezo na Urbanización Rio Miño, Bloque 7-A da Guarda, actuando en representación de Comunidade de Propietarios Concepción Arenal, n^o 24, aportando proxecto de execución de obras con licencia municipal n^o 21/2013 visado polo Colexio Profesional según Real Decreto 1000/2010, e solicitando a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 20 de marzo de 2013, acorda acceder a aprobación do proxecto de execución.

Lese o escrito RE 1.278 de data 12 de marzo de 2013, presentado por D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Manuel Lomba, n^o 18-4^a da Guarda, aportando proxecto técnico modificado básico e de execución da vivenda unifamiliar sita na rúa de Sollás, s/n con licencia municipal n^o 115/2012, e solicitando a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 20 de marzo de 2013, acorda acceder a aprobación do proxecto de execución.

Lese o escrito RE 1.425 de data 19 de marzo de 2013, presentado por D^a. M^a LUISA VICENTE VERDE, con enderezo na rúa Couto, n^o 11 da Guarda, aportando proxecto de execución de obras con licencia municipal n^o 112/2012 para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Coruto Vello, n^o 31 visado polo Colexio Profesional según Real Decreto 1000/2010, e solicitando a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 20 de marzo de 2013, acorda acceder a aprobación do proxecto de execución.

PUNTO 7.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por DNA. M^a. JOSEFA RODRÍGUEZ VERDE (RE 850 de 15.02.2013), para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) sito na rúa Estrada de San Roque, nº 20 que antes figuraba a nome de JOSÉ RAMÓN AMORIN VICENTE.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. M^a JOSEFA RODRIGUEZ VICENTE cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de JOSE RAMÓN AMORIN VICENTE para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) sito na rúa de Estrada de San Roque, nº 20 de A Guarda.

Sendo as once horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.